



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge  
Carballo González, Angeles  
De los Bueis Mellado, Jorge  
Diz Ferreiro, Paula  
Fernández Fernández, Federico  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Hernández Martín, Primo  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup>. José  
Valderrama Santomé, Mónica  
Valeije Álvarez, Inmaculada  
Vaquero Díaz, Beatriz

### DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 14 de febreiro de dous mil catorce, convocada para as 9:45 horas en primeira convocatoria e ás 10:15 horas en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O día **14 de febreiro de 2014**, ás 10:15 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Informe do Presidente.
2. Aprobación, se procede, da acta de data 23 de xaneiro de 2014.
3. Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións a Reitor ou Reitora e a membros do Claustro Universitario.
4. Aprobación, se procede, dos censos definitivos para a elección a Reitor ou Reitora e a membros do Claustro Universitario.
5. Aprobación, se procede, do número de membros claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.
6. Sorteio da letra pola que se deberán iniciar as papeletas de votación cos nomes dos candidatos e candidatas para a elección de membros do Claustro Universitario (Artigo 29 do “Procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo”).
7. Sorteio da letra para designar aos tres membros do PAS que deberán integrar a Mesa Electoral da Reitoría (Artigo 24.2 do “Procedemento para a Elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo” e artigo 20.2 do “Procedemento para a elección de Reitor/a da Universidade de Vigo”).
8. Delegación na Secretaria da Comisión Electoral, se procede, da proclamación provisional de candidatos a Reitor ou Reitora e a membros do Claustro Universitario.
9. Delegación na Secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidatura.
10. Asuntos varios.
11. Rogos e preguntas.

#### **Punto 1.** Informe do Presidente.

O presidente dá conta, en primeiro lugar, da elaboración dos censos provisionais.

Os censos dos estudantes son elaborados polos servizos informáticos tendo en conta o procedemento das eleccións a membros do Claustro e o procedemento de elección a Reitor ou Reitora, o acordo de Consello de Goberno, de datas 5 e 22 de marzo de 2010, e as instrucións da Secretaría Xeral. Os datos son extraídos do programa XESCAMPUS.

Os censos de PAS tamén son elaborados polos servizos informáticos que xestionan o programa de METACUATRO, de acordo cos criterios anteriores.

A elaboración dos censos do PDI é moito máis complexa, xa que non existe unha base de datos de profesorado fiable que sirva para as eleccións.

No programa de METACUATRO está dado de alta todo o profesorado, pero o centro ao que está adscrito, en moitos casos, non é real, xa que aparece o centro que consta no seu contrato ou nomeamento. Sabemos que o profesorado está adscrito a un departamento e un ano pode impartir docencia nun centro e ao ano seguinte imparte docencia noutro centro distinto, polo tanto, o censo extraído de METACUATRO non sería correcto.

En XESCAMPUS tamén está a relación do profesorado, segundo o POD, pero non está completa, xa que non consta en dita relación o profesorado que non ten docencia.

Solicitouse ao servizo de PDI o listado de todo o profesorado e, unha vez elaborado polo persoal informático que manexa METACUATRO, remitiuse aos servizos informáticos para que o cruzara co listado que hai en XESCAMPUS segundo o POD. Déronse instrucións de que se mantivese como centro de destino o que constaba na base de datos do POD. O profesorado que non estaba na base de datos do POD se lles mantivo o centro de destino que constaba no programa de METACUATRO.

Tamén, para a elaboración dos censos hai que cruzar os censos de profesorado cos estudantes e cos do PAS, xa que un profesor pode ser estudante e PAS, ou un estudante pode ser PAS ou un profesor/a pode ser estudante. Nestes casos prevalece a condición de PAS sobre a de estudante ou profesor, e a de profesor sobre a de estudante. Tamén hai que ter en conta que moitos estudantes simultanean estudos, polo que neste caso aparece no centro no que se imparta a titulación na que estea matriculado dun maior número de créditos.

Outro problema que xurdiu cos censos é o da Escola de Enxeñaría Industrial, xa que ten dúas sedes. Co fin de facilitarlle aos membros dese centro non ter que trasladarse para votar, decidiuse por unha mesa na sede da cidade e outra na sede do campus.

Os servizos informáticos puideron facer un censo dos estudantes da sede campus e outro da sede da cidade. O problema era o PDI, xa que no programa de METACUATRO e no POD aparecen todos na Escola de Enxeñaría Industrial, sen diferenciar a sede.

A dirección da Escola proporcionounos os censos separados por sede: PDI-A, sede cidade e sede campus, e PDI-B, sede cidade e sede campus. Tamén proporcionaron á Secretaría Xeral o censo do PAS, separado por sedes.

O mércores pola mañá chamou unha profesora da Escola de Enxeñaría Industrial, sede cidade, dicindo que era Profesora de Escola Universitaria, sen título de doutora, e que aparecía no censo do PDI-A e que, ao igual que ela, había máis profesores/as na mesma situación. A Secretaría Xeral chamou por teléfono á dirección da Escola e lle informaron de que enviaron o censo das eleccións de Xunta de Centro (nas Xuntas de Centro son PDI-A os profesores con vinculación permanente, sen que sexa necesario ter o título de doutor/a). A Secretaría Xeral retirou os censos da web e elaborou un novo censo. Tamén confeccionou un novo censo de PAS, xa que o enviado pola Escola non era correcto.

Ao día seguinte, xoves, o Secretario da Escola de Enxeñaría Industrial chamou á Secretaría Xeral e lle comentou que o censo de estudantes estaba mal: que na sede de campus aparecían aproximadamente 3500 estudantes e que na sede da cidade aparecían aproximadamente 500, cando o correcto é que haxa aproximadamente 2.500 e 1.500 respectivamente. A Secretaría Xeral contactou cos informáticos para que resolveran o problema.

O xoves, aproximadamente ás 13,30 horas achegáronse uns novos censos á Escola de Enxeñaría Industrial. A dirección da Escola publicounos seguidamente e os remitiu por correo electrónico a todos os profesores, estudantes e PAS da Escola.

Co fin de que puideran presentar reclamacións, se ampliou o prazo de reclamacións ata as 14 horas do mércores día 12. Esta ampliación só afectou á Escola de Enxeñaría Industrial.

**Punto 2.** Aprobación, se procede, da acta de data 23 de xaneiro de 2014.

Apróbase por asentimento.

**Punto 3.** Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións a Reitor ou Reitora e a membros do Claustro Universitario.

O presidente da Comisión Electoral informa que na documentación remitida achegouse a relación de reclamacións e a súa xustificación. Tamén se remitiron dúas reclamacións, coa proposta de que se deneguen, e 5 reclamacións para o seu estudo pola comisión.

Dá conta das reclamacións presentadas, e di que na súa inmensa maioría son do PDI-A e do PDI-B solicitando que se lles cambie de centro. Como xa comentei, o censo do profesorado se elaborou en función da asignación no POD. Dado que os censos se solicitaron o día 14 de xaneiro, que era o primeiro cuadrimestre, moitos profesores aparecen adscritos ao centro no que impartiron docencia no primeiro cuadrimestre. Ao cambiar de centro no segundo cuadrimestre, presentaron reclamación solicitando o cambio.

A continuación procedese a analizar pola comisión as reclamacións de D. Germán Pérez Justa, Dna. María Rosario de la Luz Serrano, Dna. Pilar Somoza González, Dna. Adoración Sánchez e D. José Jato Darriba que, contratados como técnicos superiores e xestora do proxecto Campus do Mar no marco do programa campus de excelencia internacional, solicitan ser dados de alta no censo de PAS. Dáse lectura á interpretación dada polo Consello de Goberno do art. 32 e 57 dos Estatutos da Universidade de Vigo, que inclúe como electores e elixibles no sector PAS contratos derivados de convocatorias do ministerio :técnicos de I+D e infraestruturas (exclúense aqueles técnicos contratados con cargo a proxectos de investigación).

O Presidente informa que para ter unha información máis completa da situación laboral dos reclamantes, solicitáronse as copias de contratos laborais que, tras ser examinados polos membros da comisión, se decidiu por unanimidade incluír no censo do PAS

aceptándose as reclamacións de D. Germán Pérez Juste, Dna. María Rosario de la Luz Serrano, Dna. Adoración Sánchez e D. José Jato Darriba.

Con respecto a Dna. Pilar Somoza, examinado o seu contrato que facía referencia a persoal investigador. Tras un debate, a Comisión Electoral decide sometelo a votación:

Votos a favor de incluíla no sector PAS e de estimar a súa reclamación: 2

Votos en contra de incluíla no sector PAS: 8

Polo que se acorda non incluír a Dna. Pilar Somoza no sector de PAS.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, dos censos definitivos para a elección a Reitor ou Reitora e a membros do Claustro Universitario.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, do número de membros claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.

No sector PDI-A hai 128 representantes. O reparto realizouse en función do número de profesores de cada centro redondeando, se o decimal era inferior a 5, ao enteiro inferior e, se o decimal era superior a 5, redondeouse ao enteiro superior. De acordo con este criterio saían 129 postos, polo que se na Fac. de CC. da Educación e do Deporte, que lle correspondían 4,5 postos, pasou a 12.

No sector PDI-B, seguindo o mesmo criterio, só se cubrían 22 postos, polo que se asignou á circunscrición electoral que tiña o decimal máis alto: Fac. de CC. Sociais, EU. de Enxeñaría Forestal e Fac. de Fisioterapia (2,41).

No sector estudantes seguiu o mesmo criterio e só se cubrían 74 postos, polo que se asignou ao centro que tiña o decimal máis alto, que era a Facultade de Bioloxía (2,47).

Intervén Jorge de los Bueis para dicir que o cálculo adoptado repercute nunha menor representación dos estudantes da Facultade de Ciencias do Mar, pois por dúas décimas de diferenza respecto á Facultade de Bioloxía só pode aspirar a un posto; xa que a Fac. de Ciencias do Mar, con 387 estudantes, lle corresponde 1 representante, mentres que a Fac. de Bioloxía, con 661 estudantes, lle corresponden 3 representantes.

No sector PAS hai 25 postos e é circunscrición única.

**Punto 6.** Sorteio da letra pola que se deberán iniciar as papeletas de votación cos nomes dos candidatos e candidatas para a elección de membros do Claustro Universitario (Artigo 29 do “Procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo”).

Propóñense dúas letras. Tras o sorteio, a primeira letra é o V e a segunda o L.

**Punto 7.** Sorteio da letra para designar aos tres membros do PAS que deberán integrar a Mesa Electoral da Reitoría (Artigo 24.2 do “Procedemento para a Elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo” e artigo 20.2 do “Procedemento para a elección de Reitor/a da Universidade de Vigo”).

Propóñense dúas letras. Tras o sorteio, a primeira letra é o F e a segunda o K.

**Punto 8.** Delegación na Secretaria da Comisión Electoral, se procede, da proclamación provisional de candidatos a Reitor ou Reitora e a membros do Claustro Universitario.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Delegación na Secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidatura.

Apróbase por asentimento.

Hai un erro na redacción da orde do día, xa que se remitiu un modelo de candidatura para a súa aprobación pola Comisión Electoral.

**Punto 10.** Asuntos varios.

Non hai asuntos que tratar.

**Punto 11.** Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:00 horas do día 14 de febreiro de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O Presidente da Comisión Electoral

Manuel José Fernández Iglesias

A Secretaria da Comisión Electoral



M<sup>te</sup> Inmaculada Valeije Álvarez